

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008

Nº R.E.L. 01150119



CONCELLO DE BOIRO



Exp.ref. 119.12-T.A.

## Asunto: COMUNICACIÓN DE PUBLICACIÓN E SOLICITUDE DE AVALIACIÓN DE RESULTADOS POLA USC.

D. Juan José Dieste Ortigueira, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Boiro;

### EXPÓN:

O Concello de Boiro ten asinado coa USC varios convenios e contratos para a execución de diversos traballos no complexo arqueolóxico dos castros de Neixón, que de seguida enumeramos:

- 1-Convenio de colaboración entre o Concello de Boiro e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dunha escavación, campo de traballo e posta en valor do Castro Grande de Neixón. Campaña 2007, ao amparo do artigo 83 da Lei 6/2011, asinado con data 18 de xuño de 2007.
- 2-Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Boiro, co obxecto de realizar os traballos técnicos precisos para a execución do campo de traballo de temática arqueolóxica; asinado con data 13 de febreiro de 2009.
- 3-Contrato administrativo de servizos para a execución dunha intervención arqueolóxica nos castros de Neixón, asinado con data 6 de xullo de 2010.
- 4-Contrato administrativo de servizos para a execución dunha intervención patrimonial no complexo arqueolóxico de Neixón: sondaxes e labores de restauración no complexo arqueolóxico dos castros de Neixón. Campaña 2011, asinado con data 5 de abril de 2011.

Que segundo os mesmos, e respecto da cláusulas de Confidencialidade da Información e dos Resultados e Dereitos de Propiedade, comunica a intención, salvo contraindicación expresa, da publicación dos resultados, concretamente dos informes e / ou memorias técnicas respectivas (INFORME FINAL) dos citados convenios e contratos a través da plataforma dixital [www.centroarqueoloxicobarbanza.org](http://www.centroarqueoloxicobarbanza.org).

Asemade, e en virtude da cláusula séptima do convenio do ano 2009, e da mesma nos contratos administrativos dos anos 2010 e 2011, onde se recolle que o CONCELLO deberá solicita-la autorización á USC se desexa que a mesma apareza como

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

Nº R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

avaliadora dos estudos realizados nos anos 2009 a 2011; polo que se procede a solicitala.

Boiro, 18 de abril de 2012.



Universidade de Santiago de Compostela  
VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación Tecnolóxica  
Edificio CACTUS Edif. CACTUS. Campus Vida.  
15782 Santiago de Compostela.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Edificio CACTUS – Campus universitario sur  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077  
Correo electrónico: [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)  
<http://imaisd.usc.es>

Att.: Alcalde-Presidente  
Concello de Boiro  
Praza de Galicia, s/n.  
15930 Boiro (A Coruña).

**Asunto: Declaración de Autorización**

Santiago de Compostela, 11/06/2012

Tal e como solicitaron, achegamos a declaración asinada polo Vicerreitor de Investigación e Innovación da USC de autorización da publicación duns documentos a través da plataforma dixital [www.centroarqueoloxicodobarbanza.org.c](http://www.centroarqueoloxicodobarbanza.org.c)

Saúdos cordiais.

Atentamente,



Eva Fabeiro Buceta  
Área de Xestión e Valorización da I+D



**D. Francisco González García, Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela (USC)**

**EXPON:**

Que mediante escrito de 30 de abril de 2012 o Concello de Boiro solicitou a esta Universidade autorización para a publicación dos informes e/ou memorias técnicas dos convenios e contratos asinados entre o mencionado Concello e a USC que a continuación se relacionan:

- Convenio de Colaboración asinado o 18 de xuño de 2007 para a realización dunha escavación, campo de traballo e posta en valor do Castro Grande de Neixón. Campaña 2007.
- Convenio Específico de Colaboración asinado o 13 de febreiro de 2009 co obxecto de realizar os traballos técnicos precisos para a execución do campo de traballo de temática arqueolóxica.
- Contrato administrativo de servizos asinado o 6 de xullo de 2010 para a execución dunha intervención arqueolóxica nos Castros de Neixón.
- Contrato administrativo de servizos asinado o 5 de abril de 2011 para a execución dunha intervención patrimonial no complexo arqueolóxico de Neixón: sondaxes e labores de restauración no complexo arqueolóxico dos castros de Neixón. Campaña 2011.

**E DECLARA:**

Que a Comisión de Actividades e Servizos de I+D, reunida en sesión ordinaria do 24 de maio de 2012, acordou **AUTORIZAR** ao Concello de Boiro a publicar os informes correspondentes aos convenios e contratos citados a través da plataforma dixital [www.centroarqueoloxicodobarbanza.org](http://www.centroarqueoloxicodobarbanza.org).

E para que conste aos efectos oportunos, firmo en Santiago de Compostela a 8 de xuño de 2012



**GEPN**

**PyA** Arqueólogos S.L.

***BOIRO: 5.000 ANOS DE CAMBIO CLIMÁTICO E  
EXPLOTACIÓN DO MEDIO NO MARCO DE  
AROUZA NORTE***

**SONDAXES ARQUEOLÓXICAS E LABORES DE RESTAURO  
NO COMPLEXO DOS CASTROS DO NEIXÓN  
(BOIRO, A CORUÑA)**

**MEMORIA TÉCNICA**

**Vol. 1 DE 2**

Andrés Bonilla Rodríguez

Ramón Fábregas Valcarce

## ÍNDICE

### Volumen I

1. Situación, descripción e contexto cronomaterial dos castros de Neixón
2. Antecedentes
3. Traballo arqueolóxico realizado na campaña de 2011
  - 3.1. Localización das zonas de traballo
  - 3.2. Metodoloxía
  - 3.3. Sistema de recollida de datos e documentación
4. Resultados obtidos
  - 4.1. Sector 1
  - 4.2. Sector 2
  - 4.3. Sector 3
  - 4.4. Traballo de prospección xeofísica
  - 4.5. Estudo sedimentolóxico
  - 4.6. Análises radiocarbónicas
  - 4.7. Análise dos materiais arqueolóxicos
  - 4.8. Inventario dos materiais arqueolóxicos
  - 4.9. Figuras
5. Tapado das zonas de escavación
6. Conclusións

### PLANOS:

- 1. Plano de situación
- 2. Plano de emprazamento
- 3. Plano de localización dos traballo
- 4. Perfís do foxo 1
- 5. Planta do foxo 1
- 6. Perfís do foxo 2
- 7. Planta sector 2
- 8. Perfil N sector 2
- 9. Planta estado inicial UE411-465
- 10. Planta sector 3
- 11. Perfís N e W sector 3

### Volumen II

- A gradiometer survey and magnetic anomaly testing of castros de Neixón, Boiro, A Coruña.
- Neixon 2011, artifact density studies.

# **SONDAXES ARQUEOLÓXICAS E LABORES DE RESTAURACIÓN NO COMPLEXO DOS CASTROS DO NEIXÓN (BOIRO, A CORUÑA)**

## **MEMORIA TÉCNICA**

### **1. PRESENTACIÓN.**

A presente Memoria Técnica describe os traballos de escavación arqueolóxica e consolidación de estruturas realizados dende o 18 de xullo ao 12 de agosto de 2011 nos Castros de O Neixón (Boiro, A Coruña). O obxectivo destes traballos foi a consolidación preventiva de dúas estructuras escavadas en anos anteriores e a ampliación das escavacións realizadas no ano 2010, contribuíndo a unha mellor caracterización do conxunto do xacemento

Estes traballos foron realizados en virtude do Acordo Marco asinado entre o Concello de Boiro e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de traballos relacionados co patrimonio arqueolóxico municipal e, en concreto, materializa o Convenio Específico firmado entre ambas as dúas institucións o 13 de febreiro de 2009 para a execución dun campo de traballo de temática arqueolóxica en Neixón.

### **2. SITUACIÓN, DESCRICIÓN E CONTEXTO CRONOCULTURAL DOS CASTROS DE NEIXÓN.**

Os xacementos castreños de Neixón Grande e Neixón Pequeño localízanse na península do mesmo nome, situada entre a praia Lubrigo e a enseada de Taragoña, no litoral de Boiro. Trátase dunha zona que conserva un ámbito ecológico interesante con vistas privilexiadas sobre o tramo medio-interior da ría de Arousa. Os dous asentamentos, espacialmente moi próximos, foron escavados intensamente dende os anos vinte deste século conservando á vista parte das súas estruturas arquitectónicas orixinais (Neixón Pequeno), o que lles proporciona un gran potencial turístico e didáctico .

O Castro Grande localízase nun pequeno outeiro situado no centro da península e está composto por un recinto superior aterraplenado defendido na súa zona N por unha sucesión de foxo e muralla, e un terraplén de menor altura no resto do seu perímetro, ao que seguen unha serie de aterrazamientos en dirección SURSUESTE, pechados ao N por unha prolongación da muralla, ata alcanzar a liña de costa. A gran cantidade de materiais de orixe romana recuperados nas escavaciós ata a data practicadas neste xacemento sugire que viviu o seu momento de apoxeo no período inmediato ao cambio de Era (séculos I e II despois de Cristo), sendo abandonado en época Galaico-Romana.

O Castro Pequeno, emprazado no extremo da península, configúrase como un exemplo clásico dos denominados "castros costeiros". Posúe un único recinto rodeado polo mar en todo o seu perímetro, agás na zona de istmo onde se levanta unha muralla defensiva que pecha o acceso ao núcleo habitado. No seu interior localízaronse os restos dunha decena de vivendas, na súa maioría realizadas con muros de mamposteria e planta redondeada. A diferenza do anterior, estivo habitado durante a primeira Idade do Ferro, nos séculos VI e V antes de Cristo. Ao termo deste período o asentamento foi abandonado, polo que se pode descartar que ambos os dous castros estivesen habitados ao mesmo tempo.



Vista aérea dos castros de Neixón

### **3. TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS REALIZADOS NA CAMPAÑA DE 2011.**

#### **3.1. Localización das zonas de traballo.**

No ano 2011 interviuse nas seguintes zonas (ver plano 3 da parte gráfica adxunta):

- **Foxo dianteiro do Castro Grande (SECTOR 1).** Continuouse coa escavación do transepto do foxo defensivo localizado no exterior do lado N do Castro Grande obxecto de estudo nos anos 2009 e 2010 (T1), ampliándose o estudo do foxo coa apertura dun segundo transepto (T2), situado 20 m ao leste do anterior.



Vista cara ao leste do foxo colmatado dende o transepto 1

- **Esquina norleste do recinto interno do Castro Grande (SECTOR 2).** Nesta zona os traballos consistiron na reapertura dun sector parcialmente escavado no ano 2005, caracterizado pola presenza dun conxunto de estruturas non ben definidas ata o momento, e na súa ampliación cara ao Norte. Así mesmo, procedeuse á consolidación e protección de dúas das estruturas alí localizadas.



Ámbito do Sector 2 despois das labores de roza da zona

- **Inmediacións da cata 8 aberta na intervención do ano 2010 (SECTOR 3).** Na cata 8 da campaña de 2010 documentáronse os restos do basamento téreo dunha estrutura perecedeira construída sobre o nivel de transición ao substrato, posiblemente feita con elementos vexetais sustentados mediante postes de madeira, datada mediante á analise dun dos seus buratos de poste nos inicios da Idade do Bronce.

A carón dos restos desta estrutura, mais nun nivel estratigráficamente superior correspondente ao solo orixinal da zona (UE 13), e ocupando a meirande parte da superficie da cata, apareceron un gran número de buratos de poste de cronoloxía polo de agora indeterminada, ainda que están situados na mesma posición estratigráfica que dúas pequenas foxas, unha das cales está datada na Segunda Idade do Ferro.

No ano 2011 ampliouuse a zona intervida co obxectivo de delimitar os restos xa coñecidos e completar a súa caracterización funcional e cronolóxica.



Ámbito do Sector 3

### 3.2. Metodoloxía.

#### 3.2.1. Traballo de escavación.

Dende o punto de vista técnico e metodolóxico, e tendo en conta o carácter e a natureza do xacemento arqueolóxico sobre o que se intervén, tiveronse en conta as seguintes condicións:

A escavación arqueolólica das catas e do foxo realizouse de xeito manual, empregando para este fin todos aqueles instrumentos habituais nunha escavación arqueolólica en terra. A intervención avanzou en cada cata seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ata acadar o substrato ou localizar restos de estruturas.

A metodoloxía aplicada seguío o sistema de rexistro ideado por Harris<sup>1</sup>. Para a xestión e tratamiento da información da intervención arqueolólica utilizaronse os programas **Proleg MatrixBuilder (Id. Licencia 48725)** e **Proleg StratiGraf 6.0 Pro (Id. Licencia 152778)**, especialmente deseñados para iso. O rexistro e descripción dos niveis e estruturas arqueolóxicas realizouse mediante as fichas e a metodoloxía detallados nos distintos ANEXOS do proxecto de intervención.

---

<sup>1</sup> Harris, E. C.: *Principios de estratigrafía arqueológica*, Barcelona, 1991.

Procedeuse á recollida dos obxectos móbiles, individualizados por unidades estratigráficas, e documentaronse exhaustivamente os restos arqueolóxicos inmóbiles aparecidos a nivel escrito e gráfico, tanto de plantas coma de seccións e/ou alzados. O sistema de rexistro permitiu o tratamento informático da información e unha xestión eficiente desta.

### **3.2.2. Traballo de consolidación.**

A consolidación e restauración das estruturas realizouse seguindo criterios de reversibilidade e evitando adicións miméticas, empregándose un elemento diferenciador dos elementos restituídos. Todo o proceso de consolidación foi documentado fotográficamente, reflectindo as diferencias entre o estado inicial e o final.

#### **LIMPEZA**

Primeiramente realizouse unha limpeza mecánica en seco do interior e exterior das estruturas, eliminando solo a suciedad deformante e seguindo o criterio de mínima intervención.

#### **CONSOLIDACIÓN**

- Tratamento das fiadas superficiais
- Reparación de faltas e reconstrucción
- Tratamento de morteiros

#### **MATERIAIS UTILIZADOS PARA OS TRABALLOS DE CONSOLIDACIÓN:**

- Cal aérea
- Area
- Pigmentos en pó de orixe mineral: cores sombra natural, ocre lavado, sombra tostada e terra kassel.
- Acopio de pedras dos arredores da estrutura e similares características.
- Elementos diferenciadores: placa de terracota

#### **PREPARACIÓN DO MORTEIRO**

Criterios de selección:

- Obxectivos da intervención: estrutural e estético

- Propiedades da estrutura antigua: estabilidade
- Propiedades do morteiro: tívose en conta a composición e a dosificación (proporciones de árido e aglomerante).

## RELACIÓN DE MOSTRAS:

Á hora de elexir a dosificación máis adecuada para a consolidación das estruturas, levaronse a cabo unha serie de probas con distintas proporcións de árido e aglomerante, encamiñadas á obtención da preparación definitiva, e de pigmento.

## PROCESO DE TRABALLO

Como paso previo a restauración das estruturas, realizouse unha montaxe previa coas pedras previamente seleccionadas para o seu emprego.

Os elementos foron numerados para o seu montaxe definitivo, xa co morteiro. A argamasa preparouse con cal aérea, area e auga para o fraguado. Unha vez feita a mezcla de area e cal e antes de mezclarla coa auga ,añadironse pigmentos de orixe mineral para a súa coloración.

Unha vez preparado o morteiro, procedeuse á restauración de cada estrutura. O nivel exacto de recrcemento dos paramentos determinouse en campo, unha vez descubertas as estruturas obxecto do traballo e examinado o seu estado.

- As pedras colocaronse seguindo o orden da montaxe previa.
- As zonas de contacto entre superficie e morteiro e entre pedra e morteiro foron humectadas con auga para facilitar a adhesión
- Para asegurar ben cada peza inyectouse morteiro colocouse algunha cuña cando foi necesario
- Limpáronse todas as rebabas de morteiro das xuntas, de tal forma que non se note o tratamento realizado.

Para diferenciar os elementos novos dos originais utilizaronse unhas láminas de terracota de cor grisácea de 5 cm de largo por 2 cm de ancho e de menos de 1 cm de alto, insertándose no morteiro deixando certa separación entre elas. As características das láminas e do morteiro consiguen un acabado discreto tanto pola súa cor como pola súa disposición e, así mesmo, permiten apreciar a fusión entre o orixinal e a reconstrucción.

### **3.3. Sistema de recollida de datos e documentación.**

#### **3.3.1. Documentación planimétrica.**

Respecto á documentación planimétrica tiveronse en conta os siguientes aspectos :

Realizaronse os suficientes planos xerais que reflicten os resultados da intervención. Os planos de referencia utilizan o sistema de coordenadas UTM e incorporán o necesario número de indicadores de cotas dos elementos intervidos. Para as plantas xerais de intervención empregouse a escala 1:50, reflexada en copias en pael a escala 1:100. A escala base dos planos de detalle é de 1:20, reflexada en copia en papel a escala 1:25 e 1:50.

#### **3.3.2. Documentación fotográfica.**

Fotografiaronse todas as estruturas arqueolóxicas e unidades estratigráficas rexistradas no curso da intervención e fixérонse fotografías de detalle dos elementos más representativos. A totalidade do rexistro fotográfico realizouse en soporte dixital de alta resolución.

#### **3.3.3. Tratamento e estudo dos materiais móbiles.**

En relación co tratamento dos materiais recuperados na actuación tiveronse en conta os seguintes aspectos:

Os obxectos foron individualizados por Unidades Estratigráficas en bolsas diferenciadas segundo o tamaño, material, fraxilidade, singularidade, etc.

Cada bolsa porta a súa identificación básica: nome do xacemento, sector ou área intervista e a Unidade Estratigráfica de orixe. O inventario de materiais realizouse de manera informática, mediante o programa PROLEG xa citado.

#### **3.3.4. Mostras para analíticas.**

Realizouse a toma de mostras das terras que se consideraron oportunas para unha análise posterior que contribúa a determinar a configuración e natureza do depósito. No caso dos restos de carbóns, recollerónse mostras co obxectivo de obter datacóns radiocarbónicas que permitan secuenciar cronoloxicamente os achados. A toma de mostras, o seu rexistro e tratamiento realizouse mediante a ficha e a

metodoloxía detalladas nos ANEXOS 6 e 7 do proxecto de intervención. As mostras foron depositadas en embalaxes idóneas e identificadas externamente.

### **3.3.5. Traballos de prospección magnética.**

Paralelamente aos traballos de escavación, realizouse á prospección con técnicas xeofísicas dos terreos da península de Neixón, tanto no ámbito interno dos dous castros, como na súa periferia.

### **3.3.6. Inventario e siglado dos materiais arqueolóxicos.**

Procedeuse ó inventario da totalidade do material recuperado na actuación arqueolóxica. Cada unha das pezas e restos foron convenientemente sigladas. O siglado fíxose con tinta china sobre unha lenda de resina acrílica. Como sigla utilizouse o seguinte código: NE11/número de peza.

O inventario incorpora o número de código, a referencia estratigráfica de orixe e unha descripción detallada de cada peza.

## **4. RESULTADOS OBTIDOS.**

### **4.1. SECTOR 1**

#### **Transepto 1 do foxo N do Castro Grande..**

A continuación da escavación deste transepto do foxo documentou a continuación do nivel de terra marrón (UE 305) que constitue nesta zona o recheo do foxo, cubrindo unha acumulación de pedras (UE 307) que ocupaba a totalidade da superficie de escavación. Neste nivel localizaronse os calzos de pedra dun posible burato de poste (UE 318), xunto ao cal atopouse un fragmento de tégula. A imposibilidade de continuar baixando o transepto do foxo sin desmontar estos restos aconsellaron paralizar os traballos nesta zona, á espera de poder ampliar a superficie escavada e delimitar o nivel de pedras.



Vista do transepto 1 do foxo ata a cota máxima escavada



Vista da acumulación de pedras que ocupa a superficie escavada do transepto 1 do foxo



Posibles calzos dun burato de poste na UE307



Perfil estratigráfico da excavación do transepto 1 do foxo

## ESTRATIGRAFÍA TRANSEPTO 1 DO FOXO

UE 1: Cuberta vexetal de 12 cm de potencia máxima. Cubre a UE302, UE309, UE310, UE303 e UE316. Cortada por UE 313 e UE311.

UE302: Escombeira contemporánea de 91 cm de potencia máxima. Baixo UE1. Cubre a UE316 y UE303. Presenta material cerámico, de construcción e bronce.

UE303: Corte contemporáneo. Corta a UE305 y UE317.

UE306: Transición ou substrato de xisto. Cortado por UE317. Baixo UE305.

UE305: Depósito de terra marrón que colmata o foxo. 1.7 m de potencia ata a cota máxima escavada. Cubre a UE307 e a UE317. Cortado por UE303. Presenta material cerámico, ferro e material de construcción de época recente.

UE307: Depósito de pedras de mediano tamaño. Baixo UE305. Presenta unha potencia visible de 80 cm.

UE308=UE15 Paleosolo. Baixo UE309. Cubre a UE3. Cortado por UE313. 40 cm de potencia máxima.

UE309: Depósito construtivo inferior do parapeto defensivo. Baixo UE310. Cubre a UE308. 30 cm de potencia máxima.

UE 310: Depósito construtivo superior do parapeto defensivo. Baixo UE1. Cortado por UE 312. Cubre a UE309. 44 cm de potencia máxima.

UE311: Corte contemporáneo.

UE312: Recheo da UE 311.

UE313: Corte contemporáneo.

UE314: Recheo da UE313.

UE316: Depósito de terra gris. Baixo UE302. Cubre a UE303. 45 cm de potencia máxima.

UE317: Corte do foxo, feito no substrato de xisto UE3. Baixo UE305. Cortado por UE303.

UE318: Burato de poste. Baixo UE307.

UE319: Recheo de UE318.

## **Transepto 2 do foxo.**

A 20 m ao leste do transepto 1, acometeuse nesta campaña a apertura dun segundo transepto de estudo do foxo defensivo localizado no lado N do Castro Grande. Con 8 m de lonxitude e 3 m de anchura, a escavación desta zona supuso o rebaixe dun nivel uniforme de terra areosa de gran fino e cor marrón clara (UE700), que cubría o borde exterior do foxo e un nivel de terra marrón escura (UE701) correspondente coa base do parapeto defensivo. Os traballos nesta zona concluíron chegando a unha cota de -194 cm respecto ao nivel superficial do terreo.



Vista do transepto do foxo N do Castro Grande



Vista do perfil W do transepto 2 do foxo



Vista do perfil L do transepto 2 do foxo



Estratigrafía do transepto 2 do foxo no seu lado S, na base do parapeto defensivo



Vista do bordo exterior do foxo na zona escavada do transepto 2

## ESTRATIGRAFÍA TRANSEPTO 2 DO FOXO

UE 1: Cuberta vexetal de 48 cm de potencia máxima. Sobre UE 700 e UE317.

UE700: Nivel de recheo do foxo no transepto escavado. Terra areosa de gran fino e cor marrón claro. Baixo UE1. Sobre UE 701, UE702 e UE 317. Ata o momento presenta unha potencia máxima de 117 cm. Contén material cerámico, de construcción e ferro.

UE701: Nivel de terra de cor marrón escuro, textura compacta e presenza de pedras de pequeno e mediano tamaño. Correspón dese coa base do parapeto N do Castro Grande. Baixo UE700. Ata o momento presenta unha potencia máxima de 1 m.

UE702: Acumulación de pedras de xisto de mediano tamaño. Baixo UE700. Ata o momento presenta unha potencia máxima de 49 cm.

UE317: Corte realizado no substrato de xisto que conforma o bordo do foxo. Baixo UE1 e UE700.

UE3: Substrato natural de xisto.

## 4.2. SECTOR 2

Como xa se indicou anteriormente, nesta zona do Castro Grande na campaña 2011 procedeuse á reapertura dun sector parcialmente escavado no ano 2005, ampliando cara o N o ámbito da excavación e realizando a consolidación e protección de dúas das estruturas alí localizadas.

Realizada a roza de vexetación do sector, documentouse a presenza de dous paramentos cuxo trazado introducíase no perfil N da antiga excavación. Como estaba previsto no proxecto de intervención 2011, ampliouuse a zona de traballo cara ao N mediante a apertura dunha superficie de 30 m<sup>2</sup>, documentando a existencia baixo a cuberta vexetal de dous niveles de terra marrón mezclada con pedras de tamaño pequeno e medio (UE440 e UE450) cubrindo un nivel de derrube (UE470) no que xurdíu gran cantidade de escouras de ferro e material cerámico, ata chegar a un nivel de arxila rubefactada (UE464), momento no que finalizou o proceso de traballo.



Sector 2. Estado inicial



Ampliación do sector 2 cara ao N



Detalle da UE 440



Nivel de derrube localizado baixo a UE 450



Arxila rubefactada UE464

Así mesmo, neste sector procedeuse á reescavación e consolidación preventiva de dúas estruturas significativas. A primeira consistiu nun fogar de grandes dimensións (UE411) e a segunda foi un corte de forma oval (UE 421) realizado no substrato ao SL do sector. Presentaba unhas dimensións de 120 cm de profundidade e 250 cm (L-O) x 170 cm (N-S), amosando as súas paredes internas, así como o bordo externo, parcialmente cubertas de pedras medianas e grandes. Respecto de esta estrutura, no Informe Preliminar da intervención do ano 2005<sup>2</sup> se refire que

---

<sup>2</sup> Xurxo M. Ayán Vila, *Escavación arqueolóxica no Castro Grande de Neixón(Boiro, A Coruña). Campaña de 2005*. Informe Preliminar. Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. 2005.

apareceu “colmatada por sucesivos depósitos de recheo con abundante material romano”.



Fogar UE411. Estado inicial



Fogar UE411 despois do proceso de excavación e consolidación



Vista da Ue 421 dende o W



Vista da Ue 421 dende o N



Vista da Ue 421 dende o S despois do proceso de consolidación



Vista da Ue 421 dende o N despois do proceso de consolidación

Finalmente, os traballos neste sector rematáronse coa escavación dunha foxa de forma aproximadamente circular (UE445) de 170 cm de diámetro e 60 cm de profundidade, parcialmente valeirada na campaña do ano 2005.



Foxa UE445

## ESTRATIGRAFÍA SECTOR 2

UE1: Depósito. Cuberta vexetal. Cubre a UE401 e UE406. Presenta material cerámico.

UE3: Substrato de xisto.

UE400: Depósito. Nivel de terra solta de cor marrón e gran fino que se atopa cubrindo ao sector 2 na súa parte más ó S, onde se localizan os restos da sintervencións arqueolóxicas feitas con anterioridade a campaña de 2011. Presenta material cerámico, de construcción e metais.

UE401: Depósito. Nivel de terra marrón, textura areosa, escasa compactación e de pouca potencia que cubre a meirande parte dos restos arqueolóxicos documentados na ampliación do sector feita no ano 2011. Presenta material cerámico e metais. Mostras: MC1<sup>3</sup>. Baixo UE 1.

UE402=UE440

UE403=UE440

---

<sup>3</sup> Mostra de carbón nº1

UE404: Estrutura. Restos da cimentación dun muro curvo cunha orientación NW-SE-SW. Baixo UE401. Aséntase na UE456.

UE405=UE440

UE406: Estrutura. Murete de contención xunto ao parapeto L do Castro Grande de Neixón, formado por pedras de seixo e xisto de pequeno tamaño. En planta, a superficie conservada presenta unha forma rectangular seguindo unha orientación N-S.Cuberto por UE1.

UE407: Negativa. Burato de poste feito no substrato, localizado ao NW do sector 2. Cortado por UE466 e recheo por UE408.

UE408: Depósito.Recheo da UE407. Terra de cor marrón claro, de gran fino e textura areosa. Cortado por UE466. Mostras: M5<sup>4</sup>.

UE409: Negativa. Burato de poste feito no substrato, localizado ao NW do sector 2 e ao S da UE407. Cortado por UE466 e recheo por UE410.

UE410: Depósito.Recheo da UE409.Terra de cor marrón,de gran fino e escasa compacidade.Cuberto por UE400. Mostras: M6. Localizouse material cerámico.

UE411: Negativa. Corte feito na UE459, para asentar un fogar que, como primeira interpretación, consideramos relacionado con alghun tipo de actividade artesanal, xa que non se atopa nun contexto propiamente habitacional. Neste corte se asentan unha serie de pedras de xisto e alghun seixo (UE465) dispostas cunha inclinación duns 30 graos, seguindo ao corte. A UE412 rechea dito corte. As dimensíóns totais do fogar son: 60 cm de profundidade e 160 cm (N-S) x 170 cm (E-W). O seu momento de abandono foi datado radiocarbonicamente nos intervalos 160-130 Cal BC/110 BC-20 Cal AD.

UE412: Déposito. Recheo de terra da UE411. Localizouse unha posible placa de ferro. Mostras: M1 e MC7.

UE413: Negativa. Burato de poste localizado ao SO da UE411.Cortado por UE466 e recheo por UE414.

---

<sup>4</sup> Mostra de sedimento nº5

UE414: Depósito. Recheo da UE413. Trátase dunha terra de cor marrón, de gran fino e escasa compacidade. Presenta calzos ao O e abundantes carbóns. Cortado por UE466. Localizouse material cerámico. Mostras: M10.

UE415: Depósito. Terra negra, de escasa compacidade, con presenza de raíces e pedras de pequeno tamaño. Localizado ao SL da UE404 e ao SO da UE406. Presenta material cerámico. Baixo UE1.

UE416: Depósito. Terra compacta cortada por UE466 ao S do sector 2. Presenta material cerámico.

UE417: Depósito. Terra de cor marrón claro, compacidade media. Baixo a UE 401 e que cubre a UE418. Localizáse ao L da UE 419. Presenta material cerámico.

UE418: Depósito. Terra marrón escura, de alta compacidade. Baixo UE417.

UE419: Negativa. Corte realizado no substrato, de forma circular, ao O da UE 418. Se lle asentan as pedras da UE420.

UE420: Depósito. Acumulación de pedras de xisto de mediano e gran tamaño, dispostas horizontalmente sobre o corte UE419.

UE421: Negativa. Corte de grandes dimensións realizado no substrato, de forma ovalada, ao SL do sector . Presenta unhas dimensións de 120 cm de profundidade e 250 cm (L-O) x 170 cm (N-S). Cortado por UE466 e UE430. Se lle asenta a UE423 e a rechean a UE422 e UE432. Cuberto por UE432 só na súa metade O.

UE422: Depósito. Terra negra de escasa compactación e gran medio, que rechea a UE421, está cortado por UE466 e cubre a UE432, UE434, UE433, UE430, UE429, UE428, UE427, UE435, UE436. Acaróase na UE423.

UE423: Estrutura. Formada por pedras de mediano e gran tamaño, dispostas sen seguir unha orde determinada. Consérvase nas paredes N e L da negativa UE421 e parcialmente nas paredes O e S. Se lle acaroa á UE422.

UE424: Estrutura. Formada por pedras de mediano e gran tamaño dispostas de forma semicircular, localizada ao N da UE421. Poderían estar formando parte dunha mesma estrutura xunto á UE449. Cortada por UE466.

UE425: Depósito. Terra de cor marrón, compacidade media-alta e presenza de raíces, baixo UE401, ao S da UE418. Presenta material.

UE426: Depósito. Terra de cor marrón escuro con presenza de abundantes carbóns. Baixo UE401, ao NL da UE404 e ao O da UE406. Mostras: MC2.

UE427: Depósito. Terra de cor negro, compacidade escasa e textura areosa. Rechea a UE428. Mostra: M2

UE428: Negativa. Corte realizado na UE432, no interior da UE421, o NW. Recheo por UE427. Baixo UE422

UE429: Depósito. Terra que rechea a UE430. Mostras: M3

UE430: Negativa. Corte feito na UE421, ao SL. Está recheo por UE429. Baixo 422.

UE431=UE422

UE432: Preparado de arxila que cubre a UE421, na sua metade O. Baixo UE422. Está cortado por UE428, UE434 e UE436.

UE433: Depósito. Terra que rechea á negativa UE434. Mostras: M4

UE434: Negativa. Corte feito na UE432, ao SO. Recheo por UE433. Cuberto por UE422.

UE435: Depósito. Terra de cor amarelo, textura areosa e escasa compacidade que rechea a UE436.

UE436: Negativa. Corte feito ao S da UE432 e recheo por UE435. Presenta unhas dimensións moi pequenas e forma circular. Cuberto por UE422.

UE437: Depósito. Terra de cor amarelo, cunha alta compactación e presenza de gravillas. Baixo UE463 e sobre o substrato. Localizado ao O da UE440. Presenta material cerámico e escoura de ferro.

UE438: Negativa. Burato de poste feito no substrato localizado ao S do sector 2. Cortado por UE466. Está recheo por UE439 e presenta calzos de dimensións considerables, dispostos verticalmente e acaroándose nas paredes do corte.

UE439: Depósito. Terra de cor negro, textura solta e gran fino, con tres pedras a modo de calzos dispuestos verticalmente, acaroados nas paredes do corte. Rechean a UE438. Mostras: M7.

UE440: Primer botado de pedras de pequeno tamaño e terra de cor marrón escura de escasa compacidade e gran fino. Baixo UE401. Presenta material cerámico e escoura. Cubre a UE450.

UE441: Restos dunha posible estrutura, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, probablemente desprazadas do seu lugar orixinal, e sen unha forma definida. Localizadas ao SO do sector 2. Cortada por UE466.

UE442: Restos dunha posible estrutura desmantelada, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, sen ningunha forma definida e que probablemente atópanse desprazadas do seu lugar de orixe. Localizadas ao SO do sector 2. Cortada por UE466.

UE443: Restos dunha posible estrutura desmantelada, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, sen ningunha forma definida e que probablemente atópanse desprazadas do seu lugar de orixe. Localizadas ao SO do sector 2. Cortada por UE466.

UE444: Restos dunha posible estrutura desmantelada, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, sen ningunha forma definida e que probablemente atópanse desprazadas do seu lugar de orixe. Localizadas ao SO do sector 2. Cortada por UE466.

UE445: Negativa. Foxa. Trátase dun corte feito na UE459 de forma ovalada, escavado parcialmente na campaña de escavación arqueolóxica do 2005, concretamente na súa metade L. Localízase ao W do sector. Está cortada por UE466. Rechea por UE446, UE455, UE452, UE453, UE454.

UE446: Depósito. Primeiro depósito que rechea a UE445. Presenta unhas características similares ao substrato. Cortada por UE466. Cubre a UE453, UE454 e UE455. Presenta material cerámico. Mostras: MC5

UE447: Restos dunha posible estrutura desmantelada, localizada ao SL da UE421 e do sector. Está formada por unha acumulación de pedras de pequeno tamaño,

dispostas seguindo un eixe N-S e terra de cor marrón de compacidade media. Cortada por UE466.

UE448: Restos dunha posible estrutura desmantelada, formada por unha serie de pedras de mediano e gran tamaño, sen ningunha forma definida e que probablemente atópanse desprazadas do seu lugar de orixe. Localizadas ao L do sector 2. Cortada por UE466.

UE449: Restos de posible cimentación dun muro, con dirección S-N, ao NO da UE 421. Podería estar formando parte da UE424. Cortada por UE466.

UE450: Segundo botado de pedras de pequeno tamaño e terra de cor marrón escura de escasa compacidade e gran fino.Baixo UE440. Presenta unha gran cantidade de escoura así como material cerámico. Cubre as UE464, UE462, UE470 e UE472.

UE451=446 Mostras: M9, MC6. Localizouse unha semilla e unha conta de colar nas labores de limpeza do depósito.

UE452: Depósito. Último depósito que rechea a UE445, entendendo como último, o más antiguo. Trátase dunha terra de cor marrón escuro case negro, de escasa compacidade e gran fino. Baixo UE455. Presenta material cerámico e de construcción. Mostras: M8 (recollida ao L da foxa) e MC3, datada radicocarbónicamente no intervalo 370-170 Cal BC (a data marca o inicio da colmatación da foxa).

UE453: Depósito. Terra de cor grisáceo e textura areosa, de gran moi fino. Baixo UE446, no interior da foxa UE445, ao NO. Presenta abundantes carbóns.Mostras: M11.

UE454: Depósito. Terra de cor negro e textura areosa, de gran moi fino. Baixo UE446, no interior da foxa UE445, ao N da UE453. Presenta abundantes carbóns. Mostras: M12.

UE455: Depósito.Terra de cor marrón e compacidade media que rechea a UE445. Localízase baixo UE446 e sobre UE452.Mostras:M13.

UE456=462

UE457: Depósito. Trátase dunha terra de cor alaranxada, compacidade media e gran fino localizada ao S da UE450 e ao L da UE419. Baixo UE401. Neste nivel se asenta a UE458.

UE458: Restos dunha posible estrutura, formada por unha serie de pedras dispostas cunha orientación NO-S, ao S da UE450. Cuberta por UE401. Se asenta na UE457.

UE459: Depósito similar ao substrato, de cor amarela, compacidade media-alta e presenza de pequenas pedras e composición mineral. Localízase ao O do sector, na zona onde xa se escavara con anterioridade a campaña de 2011, xunto ao perfil, a unha cota maior que o resto do sector. Está cortada por UE466, UE459, UE413 e UE411.

UE460: Negativa. Corte para burato de poste localizado ao N de UE411. Cortada por UE466. O rechea UE461. Corta a UE459..

UE461: Depósito. Recheo de terra de cor negro con presenza de raices e calzos, que rechean á UE460. Mostras: M14. Cortado por 466.

UE462: Depósito. Terra de cor moi negro, orgánica e con escasa compacidade, baixo a UE450. Presenta material cerámico, escouras e metais.

UE463: Depósito. Terra de cor marrón, compacidade media-alta, con pedras de pequeno tamaño. Presenta material cerámico. Baixo UE401 e ao O da UE440.

UE464: Depósito. Trátase dun depósito de arxila, aparentemente rubefactada e con presenza de carbóns. Baixo UE450. Mostras: MC4.

UE465: Depósito. Acumulación de pedras de seixo e xisto dispostas sobre o corte de forma circular UE411. Cortada por UE466.

UE466: Interficies de destrución xenerada pola excavación da zona S do sector 2 na Campaña 2005, que corta todalas unidades estratigráficas localizadas na excavación do ano 2005. Cuberta por UE400.

UE467: Depósito contemporáneo de pedras no interior da UE421. Cubre a UE466 e está cuberta por UE400. Foron postas no interior da UE421 para tapalo oco.

UE468: Esta Ue correspón dese con tres bloques de esixo de mediano tamaño. localizados na zona media do sector.

UE469: Depósito de pedra, terra e plásticos que enchían o interior da UE421. Interprétase como unha escombeira da última intervención realizada con anterioridade á de 2011. Cuberta por UE400.

UE470: Derrube de pedras de seixo e xisto localizado baixo a UE450, ao N do sector 2. Sen escavar.

UE471: Derrube a base de pedras de seixo e xisto de diferentes formas e tamaños localizadas en torno ós bloques graníticos que forman a UE468. Sobre o substrato.

UE472: Nivel de terra compactada, de cor marrón alaranxada cuberto pola UE450. Sen escavar.

UE473: Negativa. Corte localizado na esquina NW da cata de 2 x 1m aberta no Castro Grande, ao W do Sector 2, co obxectivo de comprobar os resultados obtidos polo gradiómetro nesta zona do xacemento. Cuberta por UE1.

UE474: Depósito que enche a UE 473. Terra marrón con pedras de pequeno tamaño.

UE 475: Negativa. Corte localizado na esquina SL da cata de 2 x 1m aberta no Castro Grande, ao W do Sector 2, co obxectivo de comprobar os resultados obtidos polo gradiómetro nesta zona do xacemento. Cuberta por UE1.

UE476: Depósito que enche a UE 475. Terra marrón con pedras de pequeno tamaño.

UE477: Negativa. Posible burato de poste localizado na zona media da cata, preto do perfil L . Cuberto por UE1.

UE 478: Depósito. Terra orgánica de cor marrón que enche a UE 477.

### 4.3. SECTOR 3

A ampliación na campaña 2011 do sector escavado no ano 2010 ofreceu os seguintes resultados:

- Na esquina NW do sector, a carón dos restos do basamento térreo datado mediante á analise dun dos seus buratos de poste nos inicios da Idade do Bronce, documentouse a existencia dun amoreamento de entre 5 e 10 cm de grosor na zona escavada, feito cunha mezcla de terra de cor marrón pouco compactada e textura fina mezclada con gran número de seixos de pequeno e mediano tamaño (UE 607). Esta estrutura de posible carácter tumular continúa baixo os perfiles dos lados N e W do sector polo que, de momento, non se pode determinar a súa configuración exacta. Na súa periferia aparecen os restos do que tal vez se tratase dunha cista desmantelada composta por pedras de xisto de forma plana e alongada (UE 540), cunha lonxitude que oscila entre os 23 e os 97 cm, algunas das cales aparecen fincadas e con orientación aproximada N-S.
- A ampliación cara ó leste da superficie onde apareceu no ano 2010 a concentración de buratos de poste supuxo a descuberta de 58 novos buratos, localizados na súa grande maioría ao L dos anteriores, se ben cabe indicar que nas zonas W e S do sector a escavación non se chegou ao nivel do paleochan onde éstes foran abertos.



Vista do sector 3 dende o leste



Vista do basamento térrreo escavado no ano 2010



Vista dende o S da acumulación de terra e seixos UE 607 localizada na esquina NW do sector 3



Restos dunha posible cista desmantelada feita con xistos (UE 540) localizada na periferia da UE607



Vista dende o N das UE607 e UE540



Vista dos buratos de poste localizados no lado W do sector 3



Vista dos buratos de poste localizados no lado leste do sector 3

### ESTRATIGRAFÍA SECTOR 3

UE 1: Cuberta vexetal de 8 cm de potencia. Sobre UE 2.

UE 2: Nivel de terra areosa de cor marrón claro de 38 cm de potencia. Baixo UE 1. Sobre UE 17. Presenta escorias, metais e cerámica. MC8

UE 17: Terra marrón con algunha pedra de pequeño tamaño. 42 cm de potencia máxima e 20 cm de potencia media. Cubre as estructuras e negativas presentes na cata. Baixo UE 2. Presenta cerámica, numisma e escorias. MC9

UE 16: Restos de unha pequena cimentación formada por terra de cor marrón mixturada con pedras de mediano e pequeno tamaño. Baixo UE17. Sobre UE3.

UE 13: Nivel de terra marrón. Aparece cortado por numerosos buratos de poste e dúas fosas. Correspóndese co solo natural da zona.

UE 3: Nivel de transición ao substrato natural de xisto.

UE 607: Acumulación de terra marrón pouco compactada mezclada con gran número de seixos de pequeno e mediano tamaño. Entre 5-10 cm de grosor. Localizada na esquina NO do sector 3. Baixo UE17. Sobre UE539. Presenta cerámica. MC10.

UE539: Nivel de terra de cor avermellado, de gran fino e escasamente compactada. Baixo UE607. Sobre UE540. MC11 e MC12.

UE540: Restos dunha posible estrutura formada por xistos de forma plana e alongada algúns dos cales aparecen fincados cunha orientación aproximada N-S. O tamaño das pedras varía entre os 23 e os 97 cm.Baixo UE17 e UE539. Sobre UE3.

Na campaña do ano **2010** documentáronse un total de 69 **buratos de poste** e 2 **foxas**, localizados en toda a superficie do sondeo.

- Unidades estratigráficas relacionadas cas dúas foxas, cubertas por UE17 e cuias negativas cortan a UE13:

UE149-UE150<sup>5</sup>, UE119-UE120

- Unidades estratigráficas cubertas por UE17, nas que as negativas cortan ao substrato (UE3):

UE37-UE38

-Unidades estratigráficas cubertas por UE17, nas que as negativas cortan a UE16:

UE27-UE28,UE31-UE32,UE35-UE36,UE43-UE44,UE63-UE64,UE123-  
UE124,UE161-UE162

- Unidades estratigráficas dos buratos de poste cubertos por UE17, e nas que as negativas cortan a UE13:

UE7-UE8,UE9-UE10,UE14-UE15,UE29-UE30,UE33-UE34,UE39-UE40,UE41  
UE42,UE45-UE46,UE47-UE48,UE49-UE50,UE51-UE52,UE53-UE54,UE55-  
UE56,UE57-UE58,UE59-UE60,UE61-UE62,UE65-UE66,UE67-UE68,UE69-  
UE70,UE71-UE72,UE73-UE74,UE75-UE76,UE77-UE78,UE79-UE80,UE81-  
UE82,UE83-UE84,UE85-UE86,UE87-UE88,UE89-UE90,UE91-UE92,UE93-  
UE94,UE95-UE96,UE97-UE98,UE99-UE100,UE101-UE102,UE103-UE104,UE105-  
UE106,UE107-UE108,UE109-UE110,UE111-UE112,UE113-UE114,UE115-  
UE116,UE117-UE118,UE121-UE122,UE125-UE126,UE127-UE128,UE129-  
UE130,UE131-UE132,UE133-UE134,UE135-UE136,UE137-UE138,UE139-  
UE140,UE141-UR142,UE143-UE144,UE145-UE146,UE147-UE148,UE151-  
UE152,UE153-UE154,UE155-UE156,UE157-UE158,UE159-UE160.

Na campaña deste ano 2011 rematouse de excavar a foxa con UE149 e se documentaron un total de 58 novos buratos de poste<sup>6</sup>, localizados na súa grande maioría ao L do sector 3. Tódalas Ues atópanse baixo UE17 e cortan á UE13:

---

<sup>5</sup> UE149 Negativa UE150 Depósito

UE501-UE502,UE503-UE504,UE505-UE506,UE507-UE508,UE509-UE510,UE511-UE512,UE513-UE514,UE515-UE516,UE517-UE518,UE519-UE520,UE521-UE522,UE523-UE524,UE525-UE526,UE527-UE528,UE529-UE530,UE531-UE532,UE533-UE534,UE535-UE536,UE537-UE538,UE541-UE542,UE543-UE544,UE545-UE546,UE547-UE548,UE551-UE552,UE553-UE554,UE555-UE556,UE557-UE558,UE559-UE560,UE561-UE562,UE563-UE564,UE565-UE566,UE567-UE568,UE575-UE576,UE577-UE578,UE579-UE580,UE581-UE582,UE583-UE584,UE585-UE586,UE587-UE588,UE589-UE590,UE591-UE592,UE593-UE594,UE595-UE596,UE597-UE598,UE599-UE600,UE601-UE602,UE603-UE604,UE605-UE606,UE609-UE610,UE611-UE612,UE613-UE614,UE615-UE616,UE617-UE618,UE619-UE620,UE621-UE622,UE625-UE626,UE627-UE628,UE629-UE630.

Nos depósitos UE534 e UE582 localizouse material cerámico.

A descripción dos diferentes depósitos que enchen os buratos de poste e foxas pódese facer dunha forma xenérica, destacando que en xeral trátase de terras orgánicas, moi soltas, textura plástica, de cores marrones, escasa compactación, gran fino e con algunha pedra miúda de seixo e xisto, a modo de calzos.

As medidas dos diferentes buratos de poste oscilan entre os 10 e os 29 cm de diámetro e os 15 e 29 cm de profundidade.

Tomouse mostra de cada un dos sedimentos que enchen os buratos, datándose radiocarbónicamente tres deles:

- UE 525: 760-410 Cal BC
- UE 535: 1260-1020 cal BC
- UE 597: 830-790 Cal BC

---

<sup>6</sup>A numeración impar corresponde á negativa e a par ó deposito que a enche Ex. UE501: negativa de burato de poste, UE502: depósito que enche a UE501.

#### **4.4. TRABALLOS DE PROSPECCIÓN XEOFÍSICA.**

O obxectivo principal do emprego do gradiómetro nos Castros de Neixón, foi detectar anomalías magnéticas no subsolo que deran indicios, se non a certeza, de onde puidera haber restos de actividade humana ainda por descubrir na Punta de Neixón. Os datos obtidos refírense a alteracións producidas no téreo cuxa cronoloxía tan só se poderá coñecer a través da escavación arqueolóxica e/ou datación dos restos.

O emprego do gradiómetro é de gran axuda para a arqueoloxía pero non é totalmente eficiente, xa que ten carencias como é a imposibilidade de detectar con claridade estruturas pétreas. Obtéñense datos que as intuyen pero debido a que o material pétreo empregado nas mesmas é da mesma natureza que o substrato existente en toda a Punta de Neixón, prodúcese unha especie de incompatibilidades que impide obter datos totalmente certeiros. Por outra banda tamén hai que ter en conta, que esta técnica detecta anomalías no terreo pero que non sempre terán un interese arqueolóxico, xa que a numerosa e recente actividade humana sobre o terreno, como acontece en Neixón, fai que en numerosas ocasions os datos estean a dar coñecemento de accións recentes. Existen outros métodos dentro da xeofísica aplicables á detección de restos arqueolóxicos (“...GPR-Ground Penetrating Radar... Siot Resistivity..”<sup>7</sup>), pero cada un deles ten consigo un maior ou menor número de resultados e de maior ou menor fiabilidade dependendo en grande medida das características do terreno (compacidade, tipo de substrato, composición, alteracións...) e dos restos que interesa atopar. O que resulta evidente é que empréguese a técnica xeofísica que se empregue, sempre servirá como un bo complemento para a arqueoloxía.

En canto ó gradiómetro, un exemplo de cómo se reflecten as posibles evidencias arqueolóxicas en datos, son as unidades estratigráficas negativas, como poden ser as gavias. Estas se reflecten como *anomalías positivas*, e por ser unha gabia, estas *anomalías* represéntanse dunha forma lineal.

Tralos estudios feitos ó longo de toda a área de ocupación dos Castros de Neixón e o seu contorno, a análise e interpretación das distintas medicións obtidas, tendo

---

<sup>7</sup> Rego J.; Cegielski W.; A Gradiometer Survey and Magnetic Anomaly Testing of Castros de Neixón. Boiro, A Coruña, Galicia, Spain. Report of Investigations: 2011 Field Season.

sempre en conta as limitacións expostas, deron como resultados principais os seguintes<sup>8</sup>:

- Na metade NW do Castro Grande de Neixón existe un valeiro de datos en comparación cas outras zonas estudiadas. A posible causa disto pode vir dada pola propia dificultade que ten o gradiómetro de proporcionar lecturas claras con respecto á posible existencia de estruturas pétreas. É por iso que a falla de resultados nesta zona, paradoxalmente, pode estar indicando a presenza de derrubos construtivos aínda non documentados.
- Detectáronse dúas gabias defensivas (foxos) cunha dirección E-W, e unha entrada entre eles, ao N do Castro Grande de Neixón (denominada como Área 6), na zona de ampliación do Centro Arqueolóxico do Barbanza. É posible que esteamos ante un posible antecastro.
- Na área que se atopa entre ambolosdous castros evidenciáronse restos de actividade humana. Os datos obtidos co gradiómetro sinalan a existencia de posibles negativas en forma de numerosas *anomalías lineais* na zona.
- Na denominada Área 4, localizada na zona surleste do ámbito entre os dous castros, detectáronse *anomalías en negativo*<sup>9</sup> cunhas dimensíons aproximadas de 1,5x3,5 m, así como evidencias de diversos cortes.
- Na denominada Área 5, localizada na zona media do ámbito entre os dous castros, a excepción do sector por onde a atravesa un camiño, obtivérонse datos de especial interese xa que apareceron distintos sectores onde as lecturas se corresponden con restos de queimado e áreas que ben poderían estar relacionadas con actividades metalúrxicas e/ou ca existencia de fornos. Ao S do Castro Grande de Neixón, confirmase a existencia do foxo.
- No interior do Castro Pequeno de Neixón (a denominada Área 1), detectáronse dúas longas series de anomalías, nas que se inclúe unha anomalía circular (15 m de diámetro) e outra más ben cuadrangular. Tamén foron interpretados alguns datos como evidencias de posibles buratos e gabias e bastantes *anomalías en negativo* nos están a indicar a presenza de

---


<sup>8</sup> A descripción completa do traballo aparece exposta no Informe anexo á presente Memoria Técnica.

áreas de actividade relacionada con fornos/actividade metalúrxica e zonas de queimado.

Finalmente, como práctica e para confirmar a validez dos resultados obtidos co gradiómetro, abriuse una cata de 2x1m (denominada no estudio coma EU 1-2) nunha zona do Castro Grande de Neixón onde a través da prospección magnética tñase constancia da existencia de dous campos magnéticos importantes e polo tanto a sospeita de haber restos de posible interese arqueolóxico.

Ca escavación arqueolóxica do sector confirmouse que os datos obtidos nas lecturas coinciden cos restos documentados (un posible burato de poste e dúas negativas tipo fosa con materiais asociados de época castrexa e romana).


Por último, o informe de anomalías magnéticas incide na importancia que tería facer un estudo conxunto no que se escavara naquelas zonas onde o gradiómetro deu indicios da existencia de posibles restos arqueolóxicos e así poder verificar cunha maior exactitude a equivalencia dos datos magnéticos coas evidencias arqueolóxicas, sendo dúas disciplinas totalmente complementarias na búsqueda do pasado.



Possible cabana circular localizada na zona media do castro de Neixón Pequeno

---

<sup>9</sup> Negative anomalies



*Castro Grande de Neixón: representación dunha posible estrutura de combustión, localizada na zona media do lado derecho da imaxe.*

## **4.5. ESTUDO SEDIMENTOLÓXICO.**

Este estudo<sup>10</sup> está baseado nos datos obtidos da excavación arqueolóxica de tres puntos ben diferenciados: a calicata de 1x1 m situada ao SW do sector 3, o fogar do sector 2 (UE411 e UE465) e a calicata de 2x1 m localizada ao W do sector 2, a cal foi aberta tralo estudo con gradiómetro das anomalías presentes nesa zona.

En canto aos materiais localizados trala escavación da calicata do sector 3, estes reflictense nas distintas tablas anexas ao estudo (Tabla 1 e Figuras 1-4), diferenciando aqueles localizados mediante o peneirado dos depósitos e aqueles rexistrados durante a escavación arqueolóxica propriamente dita.

No caso do fogar do sector 2, empregáronse dous métodos diferentes para a localización dun número maior de materiais arqueolóxicos. Ca metade Sur do depósito (UE412) empregouse a flotación, mentres que na metade Norte o método empregado foi o peneirado cun tamiz de rede de 5 mm. Os resultados obtidos están reflexados nas figuras 5 e 6 do estudo.

A metodoloxía empregada no estudo de densidade de materiais na calicata próxima ao sector 2, foi a mesma ca emplegada na calicata do sector 3. Nas figuras 7 e 8 reflítense os resultados obtidos nesta zona.

### Estudo de sedimentos

Na calicata do sector 3 atopáronse dous niveis nos que destaca a súa maior compactación e nos que os materiais localizados son de pequeno tamaño. Tamén se sinala que a inclinación do terreo seguramente fora moito maior que a actual.

A baixa densidade de materiais pode estar a indicar un escaso uso desta zona ou que aínda que a zona fora usada, o tipo de actividades que nela se fixeron non foron actividades que deixaran grandes cantidades de restos. A grande fragmentación dos materiais localizados tamén pode estar a indicar esta zona coma área de paso

En canto ao estudo do depósito do fogar, indícase que a densidade de material vai en aumento canto más profundidade se está a escavar. No último nivel rexistrouse

un depósito de pequenas pedras, interpretado coma a base do fogar. Os materiais teñen unha maior fragmentación nos últimos niveis, debido probablemente a influencia destas pedras sobre eles.

Na calicata aberta tralos datos obtidos co gradiómetro, preto do sector 2, os datos extraídos da súa excavación foron más difíciles de interpretar. Observando o perfil, intúese que unha das fosas atopadas nesta calicata non está completa, polo que é difícil saber cal sería a súa función: silo, basureiro ou burato para colocar o poste dunha estrutura. A cantidade de fragmentos de cerámica e fragmentos de material de construción documentados é moi similar.

---

<sup>10</sup> A descripción completa do traballo aparece exposta no Informe anexo á presente Memoria Técnica.

## **4.6. ANÁLISES RADIOCARBÓNICAS**

**ANÁLISES RADIOCARBÓNICAS REALIZADAS SOBRE AS MOSTRAS  
CORRESPONDENTES ÓS SECTORES 2 E 3 DA CAMPAÑA ARQUEOLÓXICA 2011  
NOS CASTROS DO NEIXÓN**

**1. RESULTADOS.**

**MOSTRA CARB07 NEI 6:**

**TIPO DE MATERIAL:** CARBÓN

**DESCRICIÓN DA ORIXE:** UE 412 (Recheo dunha estrutura de combustión situada no Sector 2).

Sedimento que enche a estrutura de combustión UE 411, relacionada con algún tipo de actividad artesanal.

**RESULTADO DA DATACIÓN RADIOCARBÓNICA:**

**Beta – 308030**

2040 +/- 30 BP

<b>110 BC - 20 Cal AD 2<math>\sigma</math></b> (2060 -1930 Cal BP) (95%)
--

**MOSTRA UE526 NEI 9:**

**TIPO DE MATERIAL:** SEDIMENTO

**DESCRICIÓN DA ORIXE:** UE526 (recheo burato de poste UE525).

Recheo dun burato de poste localizado no Sector 3 da escavación.

**RESULTADO DA DATACIÓN RADIOCARBÓNICA:**

**Beta – 308031**

2470 +/-30 BP

<b>760 - 410 Cal BC 2<math>\sigma</math></b> (2720-2360 Cal BP) (95%)
--

**MOSTRA UE536 NEI 7:**

**TIPO DE MATERIAL:** SEDIMENTO

**DESCRICIÓN DA ORIXE:** UE536 (recheo burato de poste UE535).

Recheo dun burato de poste localizado no Sector 3 da escavación.

**RESULTADO DA DATACIÓN RADIOCARBÓNICA:**

**Beta – 308032**

2930 +/-30 BP

<b>1260 - 1020 Cal BC 2<math>\sigma</math></b>	(3210-2970 Cal BP)
(95%)	

**MOSTRA UE598 NEI 8:**

**TIPO DE MATERIAL:** SEDIMENTO

**DESCRICIÓN DA ORIXE:** UE598 (recheo burato de poste UE597).

Recheo dun burato de poste localizado no Sector 3 da escavación.

**RESULTADO DA DATAÇÃO RADIOCARBÓNICA:**

**Beta – 308033**

2640 +/-30 BP

<b>830 - 790 Cal BC 2<math>\sigma</math></b>	(2780-2740 Cal BP)
(97%)	

**MOSTRA CARB03 NEI 5:**

**TIPO DE MATERIAL:** CARBÓN

**DESCRICIÓN DA ORIXE:** UE452

Nivel de recheo dunha foxa (UE 445) localizada no Sector 2 da escavación. Trataríase do depósito de recheo máis antigo, polo que a data radiocarbónica marcaría o inicio da colmatación de dita estrutura.

**RESULTADO DA DATACIÓN RADIOCARBÓNICA:**

**Beta – 308036**

2190 +/-30 BP

<b>370 - 170 Cal BC 2<math>\sigma</math></b>	(2320-2120 Cal BP)
--	--------------------

## **MOSTRA CARB07 NEI 6 (Beta-303830)**

(Variables: C13/C12=-24.9 :lab. mult=1)

**Laboratory number:**

**Beta-303830**

**Conventional radiocarbon age:**

**2040±30 BP**

**2 Sigma calibrated result:**

**(95% probability)**

**Cal BC 160 to 130 (Cal BP 2110 to 2080)**


**Cal BC 110 to CAL AD 20 (Cal BP 2060 to 1930)**

Intercept data

Intercepts of radiocarbon age with calibration curve: Cal BC 40 (Cal BP 1990)

**1 Sigma calibrated result: (68% probability)**

Cal BC 90 to 80 (Cal BP 2040 to 2030) and  
Cal BC 50 to 30 (Cal BP 2000 to 1980) and  
Cal BC 30 to 20 (Cal BP 1980 to 1970) and  
Cal BC 10 to CAL AD 0 (Cal BP 1960 to 1950)



## MOSTRA UE526 NEI 9 (Beta-303831)

(Variables: C13/C12=-25.5 :la b. mult=1)

Laboratory number:

Beta-303831

Conventional radiocarbon age:

2470±30 BP

2 Sigma calibrated result:  
(95% probability)

Cal BC 760 to 680 (Cal BP 2720 to 2630)  
Cal BC 670 to 410 (Cal BP 2620 to 2360)


Intercept data

Intercepts of radiocarbon age with calibration curve:

Cal BC 730 (Cal BP 2680) and  
Cal BC 690 (Cal BP 2640) and  
Cal BC 660 (Cal BP 2610) and  
Cal BC 650 (Cal BP 2600) and  
Cal BC 540 (Cal BP 2490)

1 Sigma calibrated result: (68% probability)

Cal BC 750 to 680 (Cal BP 2700 to 2630) and  
Cal BC 670 to 610 (Cal BP 2620 to 2560) and  
Cal BC 600 to 520 (Cal BP 2550 to 2470)



## MOSTRA UE536 NEI 7 (Beta-303832)


(Variables: C13/C12=-25.7 :la b. mult=1)

Laboratory number: **Beta-303832**  
Conventional radiocarbon age: **2930±30 BP**  
2 Sigma calibrated result:  
**(95% probability)** **Cal BC 1260 to 1230 (Cal BP 3210 to 3180)**  
**Cal BC 1220 to 1020 (Cal BP 3170 to 2970)**

Intercept data

Intercepts of radiocarbon age with calibration curve: Cal BC 1130 (Cal BP 3080)

1 Sigma calibrated result: (68% probability) Cal BC 1210 to 1200 (Cal BP 3160 to 3150) and  
Cal BC 1190 to 1140 (Cal BP 3140 to 3090) and  
Cal BC 1130 to 1110 (Cal BP 3080 to 3060) and  
Cal BC 1100 to 1080 (Cal BP 3050 to 3030) and  
Cal BC 1060 to **1060** (Cal BP 3010 to 3000)



## **MOSTRA UE598 NEI 8 (Beta-303833)**

(Variables: C13/C12=-25.3 :la b. mult=1)

**Laboratory number:** Beta-303833


**Conventional radiocarbon age:** **2640±30 BP**

**2 Sigma calibrated result:  
(95% probability)** **Cal BC 830 to 790 (Cal BP 2780 to 2740)**

Intercept data

Intercepts of radiocarbon age with calibration curve: Cal BC 800 (Cal BP 2750)

1 Sigma calibrated result: (68% probability) Cal BC 810 to 800 (Cal BP 2760 to 2750)



## **MOSTRA CARB03 NEI 5 (Beta-303836)**

(Variables: C13/C12=-25.8 :la b. mult=1)

Laboratory number: **Beta-303836**


Conventional radiocarbon age: **2190±30 BP**

2 Sigma calibrated result:  
(95% probability) **Cal BC 370 to 170 (Cal BP 2320 to 2120)**

Intercept data

Intercepts of radiocarbon age with calibration curve: Cal BC 350 (Cal BP 2300) and  
Cal BC 320 (Cal BP 2270) and  
Cal BC 310 (Cal BP 2160)


1 Sigma calibrated result: (68% probability) Cal BC 350 to 290 (Cal BP 2300 to 2240) and  
Cal BC 230 to 200 (Cal BP 2180 to 2150)



## 2. PRECISIÓN DAS MOSTRAS.

As datacóns radiocarbónicas obtidas sobre as mostras provintes da intervención arqueolóxica de Neixón 2011, poden considerarse relativamente precisas, dado que a desviación de ningunha das mesmas supera os 30 anos. Non obstante, ó igual que ocorría nas mostras datadas en campañas anteriores, detéctanse algunas dificultades nalgúnha das mostras, derivadas fundamentalmente dos problemas existentes na curva de calibración nos momentos de transición entre a Primeira e a Segunda Idade do Ferro, que inciden considerablemente na imprecisión dos valores.

Esta problemática resulta evidente na **Mostra UE526 NEI 9 (Beta-303831)** cun resultado praticamente idéntico ó da **Mostra 86 (Beta-290918)** realizada tras a intervención do ano 2010. Neste caso, non obstante, existen outros comportamentos irregulares que non poden identificarse con este episodio concreto de anomalías na curva de calibración, como ocorre coa **Mostra UE536 NEI 7 (Beta-303832)**.



Resultados das datacóns de Beta 303831 (2011) e Beta 290918 (2010), ambas estatísticamente moi semellantes,  
nas que poden observarse as anomalías na curva de calibración existentes entre os S VII e V a.C.

### **3. INTERPRETACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DOS RESULTADOS ACADADOS.**

SECTOR 2:


Ambas mostras (**Beta-308030** e **Beta-308036**) se corresponden coa Segunda Idade do Ferro, situándose o seu límite inferior no primeiro terzo do S. IV a.C., para logo estenderse ate o cambio de Era. A datación máis antiga é a **CARB03 NEI5 (Beta-308036)**, correspondente a un anaco de carbón recuperado no depósito máis antigo (UE 452) do recheo de colmatación dunha foxa (UE 445) de forma ovalada que xa fora parcialmente intervida durante a campaña de 2005. Esta datación amosa un rango temporal que vai dende o segundo terzo do S. IV a.C. ate o primeiro cuarto do S. II a.C. Nesta unidade se recuperou material cerámico e metálico cuxas características debería esperarse apunten cara unha cronoloxía semellante á amosada pola datación radiocarbónica. Así mesmo, dada a súa posición estratigráfica esta mostra permitiría datar o momento aproximado no que a estrutura negativa comezou a colmatarse e, polo tanto, posiblemente os momentos inmediatamente posteriores ó seu abandono.



Ubicación das estruturas do Sector 2 que foron datadas radiocarbónicamente.

A segunda mostra analizada provinte deste sector é **CARB07 NEI 6 (Beta-308030)**, un anaco de carbón recuperado entre os sedimentos (UE 412) que colmatan unha estrutura negativa (UE 411) rodeada de pedras de xisto e que foi relacionada con algún tipo de actividade artesanal, quizás de natureza metalúrxica. Esta datación presenta certas dificultades dado que posúe dous intervalos de calibración  $2\sigma$ , un situado entre o 160 e o 130 a.C. e o segundo situado entre o 110 a.C. e o 20 da Nosa Era o que fai difícil determinar con certa exactitude o momento exacto de abandono da mencionada estrutura.

### Calibrated Age Ranges




Datacóns radiocarbónicas disponibles para Os Castros do Neixón. Azul: datacóns realizadas na contorna do Castro Grande ate 2005 (segundo Parcero e Ayán, 2008); Vermello: datacóns realizadas no Sector 3 durante os anos 2010 e 2011; Negro: datacóns realizadas no Sector 2 durante o ano 2011; Verde: datacóns realizadas na Cata 3, intervida no ano 2010.

As datacóns realizadas neste sector resultan, en xeral, coherentes coas obtidas nas anteriores campañas de escavación realizadas no Castro Grande (**Ua-34407** a **Ua-34410**), situándose estas *grosso modo* e de xeito maioritario, nos momentos centrais da segunda metade do I Milenio a.C. (Séculos III e II) con posibles prolongacións das ocupacións ate os primeiros momentos da Nosa Era así como eventuais episodios de maior antigüidade.

### SECTOR 3:

No Sector 3 da excavación, o máis próximo ó Castro Pequeno, foron realizadas un total de 3 datacóns sobre mostras de sedimento (**Beta-308031** a **Beta-308033**), que veñen a sumarse ás dúas realizadas neste mesmo sector durante a campaña de 2010 (**Beta-290915** e **Beta-290916**).




Datacóns radiocarbónicas disponibles para o Sector 3 da excavación. Azul: datacóns realizadas durante o ano 2010; Negro: datacóns realizadas durante o ano 2011.

As análises radiocarbónicas foron realizadas, nos tres casos, mediante AMS sobre mostras do sedimento que colmataba o interior de varios dos 58 postes documentados neste sector durante a última intervención, e que veñen a sumarse ós 69 previamente localizados durante a excavación do ano 2010. En conxunto, esta área presenta a nada despreciable cantidade de 127 buratos de poste, o que supón unha gran densidade deste tipo de vestixios, dada a

reducida extensión da área escavada neste sector. As tres datacóns presentan unha cronoloxía que pode atribuírse, de xeito xeral, ó Bronce Final e á Primeira Idade do Ferro. A máis antiga (**Beta-308032**) se sitúa no último cuarto do II Milenio a.C., mentres que as outras dúas (**Beta-308031** e **Beta-308032**) ocupan un tramo cronolóxico que ten o seu límite inferior no S. VIII a.C. para logo prolongarse, como momento máis recente, cara o S. IV a.C.

Estas datacóns contrastan coas obtidas neste mesmo sector durante a campaña anterior, pois ambas se correspondían ben con momentos moi más tempranos, como a segunda metade do III Milenio (caso de **Beta-290915**), ou ben algo máis recentes, nos séculos IV a I a.C. (**Beta-290916**). As novas datas permiten completar o segmento temporal existente entre os extremos aportados polas mostras obtidas en 2010, fornecéndonos unha nova imaxe deste sector da Punta dos Castros de Neixón como o escenario dunha hipotética sucesión de ocupacións humanas máis ou menos esporádicas ó longo de cáseque douce milenios.



Ubicación das estruturas do Sector 3 que foron datadas radiocarbónicamente. Azul: datacóns obtidas durante a campaña de 2010; Negro: datacóns obtidas durante a campaña de 2011.

A ubicación e natureza das estruturas datadas nos permite aventurar unha serie de interpretacións acerca das características das ocupacións rexistradas

no Sector 3. Durante a campaña de 2011 se documentaron os restos dunha posible estrutura cistoide parcialmente desmantelada, o feito de que a datación de maior antigüidade (**Beta-290915**) se obtivese sobre unha mostra de sedimento provinte dun burato de poste relativamente próximo á devandita estrutura, fai pensar na posibilidade de que este burato de poste (e quizáis outros anexos) fosen o resultado dunha ocupación situable no Bronce Inicial e que sería inmediatamente anterior, senón incluso coetánea, á construción da posible cista.

Os restantes buratos de poste presentan unhas datacóns máis recentes, como era de esperar dunhas estruturas que se atopan nun nivel estratigráficamente superior ó burato datado no III Milenio a.C. Estas presentan unha serie de datacóns que se sitúan fundamentalmente nas etapas más antigas do Bronce Final, podendo prolongarse (no caso de **Beta-308031**) cara á Primeira Idade do Ferro. Cabería esperar, pois, que unha parte importante dos buratos de poste que se documentaron no Sector 3 se correspondan con este período, evidenciando quizáis un momento no que as ocupacións humanas neste punto da Península estarían representadas por estruturas perecedeiras.

Estes momentos de ocupación temprana ó longo da Idade do Bronce terían o seu reflexo en outros puntos da Península ademais de no Sector 3, como evidencia a datación (**Ua-34405**) procedente do recheo dun burato de poste localizado debaixo do parapeto SE do Castro Grande, e polo tanto anterior á construción do mesmo, ou as dúas datacóns realizadas na Cata 3 durante o 2010, unha das cales (**Beta-290918**) é estatísticamente idéntica a **Beta-308031** obtida no Sector 3, así como moi semellante á realizada sobre varios fragmentos óseos recuperados nun cuncheiro localizado no interior do foxo defensivo do Castro Grande (**Ua-34406**).

Así pois, todas estas datas semellan apuntar cara a posibilidade de distintas ocupacións durante distintos momentos da Idade do Bronce e inicios da Primeira Idade do Ferro, distribuídas ó longo de distintos puntos da Península do Neixón e cuxa estabilidade e intensidade resultan difíciles de determinar polo de agora.

Por último, cabe recordar que durante o 2010 foi documentada no Sector 3 unha foxa datada entre o 360 e 50 a.C. cal 2 $\sigma$  (**Beta-290916**), correspondente polo tanto á Segunda Idade do Ferro. Esta datación evidencia como este sector tamén foi escenario de actividades humanas durante o período no que a ocupación da Península do Neixón acadou o seu maior desenvolvimento. A presenza desta estrutura, fai que se plantexe a posibilidade de que unha parte dos buratos de poste documentados no Sector 3 se correspondan tamén con este momento máis recente.

Carlos Rodríguez Rellán

Mesa, Arizona

5 de Febreiro de 2012

## **4.7. ANÁLISE DOS MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS<sup>11</sup>**

### **4.7.1. CERÁMICA**

#### **4.7.1.1. CERÁMICA PREHISTÓRICA**

Documentáronse catorce individuos que polas súas características técnicas e formais foron adscritos cronoloxicamente a intres prehistóricos, os cales aparecen en posición secundaria e mal conservados. Están realizados en arxillas de tonalidades alaranxadas e avermelladas ou grises e presentan na maioría dos casos unha textura groxeira, con alisados como acabado.

NE11/0379; NE11/0380; NE11/0370; NE11/0612; NE11/0835; NE11/0507;  
NE11/1091; NE11/0727; NE11/0722; NE11/0824; NE11/0381; NE11/0632;  
NE11/0374; NE11/1127

#### **4.7.1.2. CERÁMICA CASTREXA**

Identifícaronse numerosos exemplares pertencentes á produción castrexa. As pezas foron realizadas en arxillas de diversas tonalidades -alaranxada, avermellada, ocre e gris-, das que a maioría presentan unha textura depurada, sendo aínda así importante a porcentaxe das que presentan textura groxeira. Así mesmo, unha decena de pezas conservan evidencias de seren sometidas á acción do lume e vinte presentan cocción tipo sándwich.

Segundo a proposta de Alfredo González Ruibal (GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-2007: 67-68) clasificouse a cerámica de producción castrexa dentro das tres fases cronolóxicas propostas para a división da Idade do Ferro:

- Fase I: Bronce Final - I Idade do Ferro (1000 a.C.- 400 a.C.)
- Fase II: II Idade do Ferro - século II a.C. (400 a.C.- 125/100 a.C.)
- Fase III: século II a.C. - conquista augústea (125/100 a.C.- 50-75 d.C.)

---

<sup>11</sup> Estudo e tratamiento de materiais a cargo da arqueóloga e restauradora Isabel Villaverde Barreiro e revisión realizada por Mario César Vila.

## **Fase I: Bronce Final - I Idade do Ferro (1000 a.C. - 400 a.C)**

### **Ola de bordo recto esvasado**

Esta ola é a forma maioritaria neste período, caracterizada por presentar un bordo recto, perfil alongado en ese e base plana. Atribúeselle unha cronoloxía que abarcaría desde os momentos finais do século IX ó século VI a. C.

Esta forma é equiparable ás denominadas pote 1 e 2 (BETTENCOURT, 2002: 11-12), forma 1 e 2 (MARTÍNS, 1990: 127-129), Neixón Pequeno (REY CASTIÑEIRAS, 1990-1991: 367-368), forma 1 (PEÑA SANTOS, 1992: 23; GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-2007: 235-240).

NE11/0246; NE11/0413



NE11/0246

## **Fase II: II Idade do Ferro - século II a.C. (400 a.C. - 125/100 a.C.)**

### **Ola de bordo arestado**

Durante o período final da I Idade do Ferro ten lugar unha transformación no repertorio formal cerámico. Os bordos simples esvasados aparecen substituídos polos bordos arestados, precedentes dos arestados evolucionados, maioritarios ó longo da II Idade do Ferro. Considéranse unha evolución da forma Neixón Pequeno (GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-2007: 255-257).

Esta forma cerámica mantense vixente entre os séculos IV a.C. e I d.C. (GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-2007: 466, 481).

NE11/0469; NE11/0247; NE11/0358; NE11/0900; NE11/1032; NE11/0472;  
NE11/0476; NE11/0567; NE11/0650; NE11/0240; NE11/0244; NE11/0328;  
NE11/0787; NE11/0827



NE11/0240



NE11/0650-NE11/0900

### **Vasilla de bordo arrestado engrosado tipo Cíes**

Desde o punto de vista cronolóxico, esta vasilla fabricaríase durante a II Idade do Ferro, entre o século IV a. C. e o I d.C. Trátanse de vasillas globulares de pescozo cóncavo, beizo esvasado e bordo ensanchado, atopándose exemplares de tamaños variados.

NE11/1016; NE11/0884; NE11/0887; NE11/0903; NE11/0992; NE11/1095;  
NE11/1064; NE11/0400; NE11/0407; NE11/0471; NE11/0478; NE11/0819;  
NE11/0285



NE11/0400



NE11/0903

### **Xerra tipo Toralla**

Esta forma defínese por ter dúas asas verticais, bordo redondeado e unha curvatura mínima no corpo. Presenta decoración no pescozo e na cara frontal do asa, organizándose os motivos en cenefas horizontais e sendo características as liñas incisas.

NE11/0655; NE11/0810; NE11/1124



NE11/0655

### **Cunco tipo Corredoiras**

Tratase dun cunco ou recipiente hemiesférico que presenta un bordo invasado ou mesmo engrosado coa cara superior plana horizontal. É característica a decoración impresa con motivos en “follas de acacia”.

NE11/0529; NE11/0245; NE11/0411



NE11/0529

### **Vasilla tipo Cameixa**

Esta forma caracterízase por presentar un pESCOZO troncocónico e un corpo globular, con paredes finas e regulares.

NE11/0470-NE11/0475-NE11/0522



NE11/0470-NE11/0475-NE11/0522

### **Fase III : século II a.C. - conquista augústea (125/100 a.C. - 50-75 d.C.)**

Na Fase III prodúcense cambios importantes na tecnoloxía oleira que tenden a unha homoxeneización das distintas tradicións rexionais, sobre todo no caso das más meridionais. (GONZÁLEZ RUIBAL, 2006-2007: 487-489; 494-495).

## **Vasilla de bordo reforzado tipo Vigo**

Esta forma defínese como unha vasilla globular de grandes dimensíóns provista dun reforzo exterior en forma de baquetón, con frecuencia decorado.

NE11/0566



NE11/0566

## **Formas indeterminadas**

Formando parte do conxunto de pezas pertencentes á produción de cerámica castrexa, diferénciase un grupo de exemplares que lucen decoración. As composicións aparecen realizadas a través de diversas técnicas entre as que se distinguen espatulado, incisión, impresión, estampillado, ungulado ou decoración plástica.



NE11/0387



NE11/0473



NE11/1112

#### 4.7.1.3 CERÁMICA DE ÉPOCA ROMANA

Unha boa parte dos restos cerámicos recuperados durante as actuacións arqueolóxicas realizadas no Castro de Neixón remiten ao período romano.

#### **4.7.1.3.1. TERRA SIGILLATA HISPÁNICA**

A esta produción pertencen un conxunto composto por seis individuos, sendo unha representación mínima, en relación ó total de materiais cerámicos documentados.

A *terra sigillata* caracterízase por lucir un recubrimento de engobe de tonalidade e calidade variables e presentando en ocasións decoración. A denominación deriva do feito de que certos exemplares das producións altoimperiais presentan un *sigillum*, selo o marca de oleiro sobre o interior da base. A *terra sigillata* engloba diferentes producións atendendo ó ámbito xeográfico no cal foron fabricadas, vinculadas a uns contextos cronolóxicos definidos con bastante precisión. A *terra sigillata hispánica* (TSH) foi producida en territorio hispano e documéntase na cidade de Lugo cara mediados do século I d.C., competindo coa *terra sigillata gálica* (TSG), á que acabará por desprazar do mercado local a partir do ano 80 d.C. As formas hispánicas documentadas no ámbito galego reflicten boa parte do repertorio formal producido nos alfares do norte peninsular, procedendo de *Tritium Magallum*, complexo oleiro do Val do Ebro.

A TSH realiza-se con arxillas moi tratadas, de tonalidade avermellada clara ou rosada, con presenza de grans amarelos e algunas diminutas vacuolas e corte relativamente limpo pero non vítreo. O engobe que a recubre, xeralmente aplicado sobre ambas superficies é de cor avermellado ou avermellado alaranxado, brillante, adherente e compacto. Non obstante, avanzado o século II adopta un ton más alaranxado e perde compacidade e brillo.

#### **FORMAS DECORADAS**

##### **Forma 37**

Correspón dese cun cunco definido por un bordo recto ou lixeiramente inclinado cara ó interior, remarcado por unha acanaladura inferior seguida dunha moldura, corpo semiesférico e base de pé anular. Atendendo ó trazado do bordo establecéñse dúas variantes, unha na que é continuación da liña do corpo e outra na que mostra un perfil amendoado. Pode recibir decoración de maior ou menor complexidade ou estar lisa. Este recipiente é dos más abundantes de todo o repertorio formal da TSH, debido á súa funcionalidade, perdurando durante toda a fase altoimperial da

devandita producción, é dicir, entre os anos 50 e 300 d.C. (SOLOVERA SAN JUAN, 1987: 97-98).

NE11/0747



NE11/0747

### **PEZAS DE ATRIBUCIÓN INDETERMINADA**

Formando parte do conxunto de pezas pertencentes á producción de *Terra Sigillata* Hispánica, recolléronse dous fragmentos de reducidas dimensións e adscrición tipolóxica indeterminada.

NE11/0797; NE11/0901

### ***TERRA SIGILLATA HISPÁNICA TARDÍA***

Xorde a TSHT en contextos do século III d.C, sendo o século IV a súa época de maior desenvolvemento, monopolizando o mercado ata a primeira metade do século V para interromper a súa fabricación cara o primeiro cuarto do século VI. Neste período revitalízanse antigos obradoiros e xorden outros novos, ó tempo que se recorre a innovadoras técnicas de produción sen romper a tradición formal e decorativa anterior.

Esta vaixela de luxo caracterízase por estar elaborada nunha pasta de cor alaranxado rosado, que contén abundantes materiais non plásticos, predominando o seixo sobre o feldespato, feito que testemuña o abandono das arxillas calcáreas. As superficies aparecen xeralmente recubertas por un engobe avermellado claro ou alaranxado, máis próximo ao propio das producións africanas que ao da TSH altoimperial, moi poroso, fino e de compacidade e brillo variables.

## FORMAS DECORADAS

### Forma 37

Distínguese este cunco polo seu amplio bordo vertical ou esvasado, corpo hemisférico ou globular e base que presenta en ocasións un pé anular moi baixo e moldura hispánica. Estableceronse dúas variantes. A Forma 37Ta posúe un bordo vertical ou esvasado con beizo, corpo hemisférico e base de pé anular baixo. A Forma 37Tb amosa un alto bordo esvasado con beizo de variado desenvolvemento formal ou non diferenciado, corpo globular e base que pode amosar pé anular baixo e moldura hispánica. Ambas as dúas variantes poden ser lisas ou lucir decoración. De xeito xeral, o seu período de vixencia esténdese entre a III centuria d.C e os momentos finais da V ou iniciais da VI, centrándose a forma 37Ta entre o século III e as décadas centrais do IV e a 37Tb entre o IV d.C e o primeiro cuarto do VI (LÓPEZ PÉREZ, 2004: 379, 382, 395-396).

Forma 37b NE11/0821



NE11/0821

## **PEZAS DE ATRIBUCIÓN INDETERMINADA**

Formando parte do conxunto de pezas pertencentes á produción de *Terra Sigillata* Hispánica Tardía, recolléronse dous fragmentos de reducidas dimensións e adscrición tipolóxica indeterminada.

TSHT NE11/0428; NE11/1061

### **4.7.1.3.2 CERÁMICA COMÚN ROMANA**

A cerámica común romana resultou ser, xunto coa castrexia, unha das producións más representativas no conxunto de materiais exhumados.

As producións cerámicas comúns mellor coñecidas e más representativas do noroeste peninsular encóntranse na capital conventual lucense. A historia da cidade divídese en catro grandes etapas durante a Antigüidade, extrapolables en moitos aspectos a outros puntos do territorio galo. Primeiramente, as orixes, vinculadas ó mandato de Augusto, período do que non se recuperaron apenas vestixios que permitan definila fiablemente. A continuación, a primeira fase, desenvolveríase ao longo do século I d.C., definida pola convivencia de elementos indíxenas e foráneos. A segunda etapa abranguería as décadas iniciais da segunda centuria ata os finais da cuarta, correspondendo ó florecemento urbanístico e material da cidade, plenamente romanos. Finalmente a terceira fase faría referencia ós momentos finais do século IV ata a caída da cidade ás mans dos Suevos da que se localizaron escasos e pobres materiais. (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 55).

### **CERÁMICA COMÚN ROMANA DA PRIMEIRA CENTURIA DA ERA**

Dentro do conxunto da cerámica realizada ó longo da primeira fase, encadrada na I centuria despois de Cristo, puideron establecerse dous tipos de pasta, unha indíxena e outra influenciada polas técnicas romanas. Os barros do primeiro grupo caracterízanse por posuír tonalidades escuras, agrisadas, mouras e acastañadas, non sempre uniformes. En cambio, as pastas do segundo tipo presentan cores agrisadas claras e ocres avermellados. Non obstante, a composición mineralólica é similar entre ambos os dous, así predominan as partículas micáceas, ás que se suman puntos brancos, negros e vermellos, diferenciándose únicamente nunha maior porcentaxe de desgraxantes cuarcíticos nas pastas influenciadas, o que lle

confire maior compacidade e resistencia á fractura, en oposición á fraxilidade e aspecto areento propio das indíxenas (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 57).

### **Forma L1**

Esta ola presenta un perfil sinuoso, ombro invasado e arqueado, bordo oblicuo esvasado con fronte superior horizontal áinda que poden darse outros deseños (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 81). Cronoloxicamente sitúase no século I d.C.

NE11/1007



NE11/1007

### **CERÁMICA COMÚN ROMANA DOS SÉCULOS II AO V D.C.**

A partires do século II d.C., a cerámica común romana elabórase cunha maior variabilidade de arxillas. Identificáronse seis grupos de pasta, de diferentes características, apropiadas para a realización de formas definidas.

O primeiro grupo confórmano aquelas pastas de tonalidade negra, groseiras, compostas por unha importante porcentaxe de partículas desgraxantes grandes calibres, especialmente mica e seixo, o que lle confire un aspecto moi basto. Trátanse de barros xeralmente pouco manipulados, caracterizados por unha gran presenza de vacuolas, escasa compacidade, elevada fraxilidade e doadamente degradables. A propia natureza da pasta determina en boa medida a aparencia e tratamento externo que recibirán as pezas con ela elaboradas, limitándose a superficiais afinados e finas aguadas, dominando un aspecto rugoso. Así pois estas

amalgamas están destinadas á elaboración de olas de cociña (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 159).

O segundo grupo está definido por barros de cor negro, cunha escasa presenza de partículas desgraxantes de reducido tamaño, entre as que predominan as micáceas e en menor medida as cuarcíticas, xunto a puntos negros e vermellos. Os núcleos aparecen depurados, compactos, resistentes á fractura e de corte recto e limpo. O coidado tratamento das pastas determina uns acabados más detidos, predominando os afinados e brunidos nas superficies externas das pezas. Son pastas apropiadas para a elaboración de recipientes de almacenaxe, pequenas olas espatuladas, vasos, xerras, pratos e fontes (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 160).

O chamado grupo 3 caracterízase por unha pasta de cor gris, con presenza de partículas micáceas, cuarcíticas de tamaño pequeno e medio e grans avermellados e negros illados. Son barros pouco manipulados, de aspecto groseiro e poroso, de modo que ofrecen unha escasa resistencia ó corte e dificultan a decoración, reducindo esta a un simple espatulado. Utilízanse para elaboración de pezas destinadas á cocción, manipulación ou mesmo conservación de alimentos, é dicir, principalmente potas de grande tamaño e en menor medida fontes de viseira e xerras trilobuladas (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 160).

O cuarto grupo de pasta presenta unha tonalidade agrisada e unha práctica ausencia de desgraxantes cuarcíticos ou de reducido tamaño os escasos existentes, aínda que se constata unha presenza abundante de mica. Son barros de grande compacidade e relativa dureza, que ofrecen resistencia ó corte, amosando fracturas limpas e rectilíneas, posibilitando acabados moi coidados. Resérvase á manufactura de vasillas finas de mesa ou almacenaxe, remitindo a un idéntico repertorio formal que o propio do segundo grupo (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 161).

Caracteriza o grupo número 5 de pastas un ton ocre, ademais dunha importante presenza de partículas cuarcíticas que lle confiren un aspecto algo areento, groseiro e certa fraxilidade, que favorecen a súa degradación e imposibilitan un coidado tratamiento externo, limitándose, en certos casos, a un elemental afinado. Habitualmente emprégase este tipo de barro na creación de formas destinadas a almacenaxe e labores de cociña alleos á acción directa do lume. As formas predominantes son comúns ós grupos de pastas groseiras, como morteiros, potas de

almacenaxe e en menor medida as cuncas, xerras e pratos (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 161).

O sexto grupo de pastas constitúeno aquelas de cor ocre, composición micácea, textura fina e relativa dureza. Habitualmente estes barros presentan un coidado tratamento decorativo, mediante a aplicación dun engobe avermellado semibrillante, pigmentacións parciais ou bandas pintadas sobre a cara máis visible das pezas, aos que se suman incisións e acanaladuras. Así pois, trátase dunha amalgama reservada especialmente á realización de formas de mesa, xunto a algunas propias de almacenaxe, tales como vasillas troncocónicas, cuncas, pratos, fontes e xerras (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 162).

### **Forma EP1**

Defínese este recipiente por presentar un bordo non diferenciado, beizo biselado, parede oblicua e base plana. Establecéronse tres variantes en función do módulo, de tal xeito que o diámetro medio destas pezas abrangue entre os 15 e os 50 cm. A superficie externa adoita recibir un delicado afinado e a interna un engobe avermellado semibrillante, que se estende ata o exterior do bordo. Estes recipientes carecen de decoración e están reservados a diversas funcións como a preparación de alimentos, labores menores de cociña ou o servizo de mesa, así como os asociados a contextos funerarios como elementos integrantes do enxoaval, podendo actuar de tapadeiras de furnas. Foron datados entre a II e IV centuria d.C. (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 344-346).

NE11/0716; NE11/0580



NE11/0716

### **Forma I35, imitación da Forma 35 de TSH**

Estes recipientes amosan un perfil parelllo ao da forma 35 de *terra sigillata* hispánica á que copian, diferindo unicamente no bordo, que tende á horizontalidade. O diámetro de boca oscila entre os 12 e 20 cm, as pastas son do grupo 6, a superficie interna está recuberta por un engobe avermellado, a externa coidadosamente afinada e non loce decoración. Estas cuncas serían utilizadas no servizo de mesa, sen precisar un uso colectivo ou individual, e estarían datadas no século III d.C. (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 370-372).

NE11/0333



NE11/0333

### **Forma O7, ola de bordo triangular globular**

Este tipo presenta un bordo triangular engrosado, corpo ovoide, base plana e carece de asas. Sitúase a apertura de bordo desta vasilla entre os 20 e 25 cm, sendo elaborada en barro de tonalidade negra ou marrón escura con abundantes partículas micáceas e cuarcíticas. En canto ao aspecto externo, é habitual o rematado sucinto e relativamente frecuente con decoración peiteada. Trátase dunha ola utilizada nas labores de cocciña á que se lle atribúe unha cronoloxía baxoimperial (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 207-208).

NE11/0738



NE11/0738

### Pezas de atribución probable ou indeterminada

#### Forma V2/V2A

Esta forma presenta bordo esvasado non diferenciado, beizo redondeado, ombro invasado, arqueado e moi amplo, corpo sinuoso, asa única de perfil en ángulo e sección aplanada ou oval sen reafundimento lonxitudinal e con base resaltada. Foron diferenciadas tres variantes atendendo ó grupo de pasta no que fose elaborada a peza e a súa decoración. O V2 responde aos grupos 2 ou 4, ornados con espatulado. O V2A ao grupo 6, acompañados de bandas pigmentadas. O V2B realiza igualmente con barro do grupo 6, totalmente recuberto de engobe avermellado, liso ou espatulado. Son pezas de coidado tratamiento externo, todas elas afinadas, de calidade variable atendendo á variante na que se encadren. O diámetro máximo de bordo varía entre os 7 e o 8 cm. Trátase dun vaso destinado ao uso individual, datado entre mediados do século II d.C. e os intres finais da IV e iniciais da V centuria d.C. (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 265-270).

NE11/0426



NE11/0426

Este epígrafe engloba un reducido grupo de individuos que teñen en común o feito de tratarse de cerámica común fina da que non puido ser identificada a súa procedencia. Os exemplares vinculados a este epígrafe foron realizados en pastas de cor beige todas elas de textura depurada.

NE11/0430; NE11/0430; NE11/0447



NE11/0430

#### **4.6.1.4. ÁNFORA<sup>12</sup>**

A revisión dos materiais anfóricos da intervención executada durante o ano 2011 no xacemento de Neixón presenta un panorama bastante homoxéneo no referente a producións e tipos documentados.

Pódese realizar unha primeira diferenciación entre as producións, documentándose produtos procedentes da Bética e da Lusitania e, a pesares da alta fragmentación das pezas, diferenciándose varios tipos dentro de cada unha das producións. Cronoloxicamente os materiais se sitúan no cambio de era, entre os séculos I a.C e I d.C. Como excepción á maioría das pezas documentadas, típicas do momento da chegada de Roma ao NW, aparece un anaco dunha tradición oleira anterior, un anaco dunha peza de tradición púnica atribuible a algúns alfaros coñecidos como “Círculo del Estrecho”.

### **PRODUCIÓN HISPANAS**

#### **Ánforas béticas**

A grande maioría dos materiais béticos documentados no Neixón, proceden da bacia media e final do Guadalquivir, o que é lóxico xa que toma o relevo produtivo e comercial antes monopolizado polas cidades da costa, especialmente por *Gadir*. Primeiro a zona de influencia marítimo-fluvial do entorno de *Hispalis*, logo, todo o val do río ate *Corduba*, incluíndo o baixo val do Genil con centro en *Astigi*.

As producións béticas do Guadalquivir son facilmente identificables polas súas pastas, xa que presentan un aspecto areoso característico, no que os seixos sedimentarios -caracterizados polo seu aspecto rodado identifiable a simple vista- sobresaen dentro dos elementos que componen os desgraxantes.

No caso dos materiais documentados na campaña de 2011, diferéncianse dúas producións atendendo ás pastas. Por unha banda documéntanse as típicas pastas da bacia final -do entorno do *Lacus Lagustinus*- de cor pardo, compactas, duras e cos materiais sedimentarios característicos e, doutra banda, de pasta de aspecto

---

<sup>12</sup> Revisión dos materiais anfóricos realizada polo arqueólogo Rafael Rodríguez Martínez.

similar, pero de tonalidade diferente –alaranzadas- e compacidade menor, que poderían proceder do entorno da antiga *Hispalis*.

No tocante ós tipos documentados, debido á fragmentación coa falta de elementos morfolóxicos das pezas, só se poderían adscribir con seguridade ao tipo Haltern 70.

### **Forma Haltern 70**

Tamén clasificada como Augst 19, Callender 9, Camulodunum 185A, Peacock & Williams 15 e Peacock & Williams 61. Trátase dun recipiente de corpo ovoide, co diámetro máximo na parte superior do corpo. Posúe unha altura de entre 65 e 70 cm. O bordo é corto e vertical, levemente convexo e en ocasións lixeiramente volto cara fóra, rematando nun colo corto. As asas son curtas e presentan unha sección ovalada partida por un sulco central. O pé ou pivote é semioco e presenta unha altura media de 5 cm. Os últimos traballos que se veñen realizando sobre este contedor indican unha serie de precisóns evolutivas podéndose resumir en que as pezas da segunda metade do século I a.C. terían a parte superior do bordo redondeado ou plano e a partires da época de Claudio aparecerían sulcos, estrías e outros perfís irregulares.

Este contedor procede de alfares do curso medio e alto do Guadalquivir e cronoloxicamente semella que fai á súa aparición cara o ano 50 a.C. pervivindo ate o 75 d.C. Trátase do tipo ánforico máis documentado no NW para niveis altoimperiais.

Outro tipo que podería existir no Neixón é a Ovoide 4, tipo aínda en proceso de definición, moi similar á Haltern 70 e con pastas idénticas. A falla de elementos formais de atribución impiden avalar dita existencia.

NE11/0284; NE11/0286; NE11/0353; NE11/0424.



NE11/0286

### **Pezas de adscripción indeterminada**

Existen varios exemplares dos que non foi posible establecer a súa caracterización formal debido ao seu estado fragmentario, pero que poderían ter correspondido a exemplares do tipo anteriormente descrito.

NE11/0351; NE11/0356; NE11/0359; NE11/0342; NE11/0341; NE11/0332;  
NE11/0347; NE11/0360; NE11/0348; NE11/0352; NE11/0336; NE11/0337;  
NE11/0357; NE11/0349

### **PRODUCIÓN LUSITANA**

A producción de ánforas lusitanas aínda está en proceso de definición, xa que , se ben coñécense os produtos, descoñécense na gran parte dos casos os alfares e fornos, de aí que moitos dos tipos identificados como lusitanos, non son máis que producións lusitanas de tipos béticos ou tarraconenses con pastas diferentes.

As pastas lusitanas, caracterízanse por ser doadamente fracturables, con presenza de abundantes desgraxantes, especialmente pegmatites e seixos de sedimentación fluvial (similares aos béticos), pola súa cor vermello laranxa e en moitos casos porque o cerne presenta unhas bandas de diferente tonalidade respecto ao resto da pasta.

De novo a fragmentación dos materiais documentados impide facer unha clasificación clara, aínda que só poda falar dun exemplar posiblemente correspondente ao tipo Lomba do Canho 67.

### **Lomba do Canho 67**

Toma á súa denominación do campamento romano de Arganil (Portugal) (FABIAO, 1989). O corpo destas ánforas posúe unha tendencia cilíndrica cunha altura aproximada de 75 cm. O bordo está lixeiramente inclinado cara o exterior, aínda que en ocasións é totalmente recto. A característica fundamental é a pronunciada moldura que destaca na unión entre o bordo e o colo. As asas son curtas e arqueadas presentando unha sección elipsoidal con nervadura ou sulco central -o que as asemella ás das Haltern 70- con pivote ou pé curto. Cronoloxicamente fai á súa aparición a mediados do século I a.C. perdurando ate comezos do século I d.C.

### **PRODUCCIÓN DO MEDITERRÁNEO ORIENTAL**

Documentouse un anaco de corpo dunha ánfora de tradición púnica, probablemente correspondente un ánfora da serie T.7.3 da tipoloxía establecida por Joan Ramón Torres. Caracterízase por presentar unha pasta bícroma, alaranxado o cerne e amarelo o exterior, con presenza de desgraxantes moi finos, xabronosa e fracturable. Cronoloxicamente é unha forma que comeza a producirse a mediados do século III a.C e que esmorece a principios do século I a.C.

NE11/0423



NE11/0423

## **PRODUCÍONS INDETERMINADAS**

En relación ás arxillas nas que foron realizados os exemplares documentados, existe grande variedade cromática e de texturas, con tonalidades beige, ocre, rosada, laranxa e gris, depuradas, groseiras e porosas.

Entre o conxunto destacan as pezas NE11/0943, NE11/0715, NE11/0843 que conserva restos de aguada ou engobado externo.






NE11/0994; NE11/0625; NE11/0598; NE11/0292; NE11/0291; NE11/0290; NE11/0289; NE11/0296; NE11/0287; NE11/0300; NE11/0997; NE11/0998; NE11/0999; NE11/1000; NE11/1001; NE11/0926; NE11/0288; NE11/0940; NE11/0800; NE11/0569; NE11/0928; NE11/0571; NE11/0933; NE11/0936; NE11/0295; NE11/0938; NE11/0627; NE11/0941; NE11/0942; NE11/0943; NE11/0576; NE11/0960; NE11/0499; NE11/0575; NE11/0376; NE11/0483; NE11/0410; NE11/0409; NE11/0408; NE11/0671; NE11/0406; NE11/0715; NE11/0425; NE11/1148; NE11/0708; NE11/0706; NE11/0687; NE11/0689; NE11/0700; NE11/0675; NE11/0647; NE11/0630; NE11/0468; NE11/0466; NE11/0639; NE11/0640; NE11/0464; NE11/0422; NE11/0646; NE11/0294; NE11/0649; NE11/0457; NE11/0440; NE11/0438; NE11/1076; NE11/0429; NE11/0463; NE11/0293; NE11/0902; NE11/0822; NE11/0892; NE11/0891; NE11/0890; NE11/0886; NE11/0885; NE11/0371; NE11/0904; NE11/0365; NE11/0533; NE11/0843; NE11/0845; NE11/0856; NE11/0858; NE11/0860; NE11/0861; NE11/0540; NE11/1090; NE11/1088; NE11/0924; NE11/0923; NE11/0916; NE11/0913; NE11/0920; NE11/0813; NE11/0812; NE11/0905; NE11/0914; NE11/0565; NE11/0568; NE11/0811

### **4.7.1.5. MATERIAL LATERICIO**





O material latericio, vinculado a estruturas de época romana aparece composto por fragmentos de *tegulae* con rebordos e entalles de diverso tipo e algún exemplar de *imbrex*.

Para a clasificación séguese a proposta tipolóxica de Pérez Losada baseada no tipo de entalles e de rebordos existentes.

## TIPOLOXÍA DE ENTALLES DE *TEGULAE*



### INFERIOR OCULTO



## TIPOLOXÍA DE REBORDOS DE *TEGULAE*

	I		II		III		IV		V		VI
	1		1		1		1		1		
	2		2		2						

(Seg. PÉREZ LOSADA, Ficha inédita de clasificación de *tegulae*)

**Tegula**

Peza de forma rectangular e plana, dotada de un ou dous rebordos laterais sobresaíntes de diverso tipo que, xunto ós diferentes entalles permitían o acaroado e suxeición dunha peza a outra a través do *imbrex*, evitando o paso da auga da chuvia entre ambas.

### ***Tegula con entalle inferior oculto, tipo 3***

NE11/1005



NE11/1005

### ***Tegula con rebordo tipo II***

Defínese por amosar cara externa vertical, interna oblicua e outra superior horizontal plana ou redondeada.

NE11/0796; NE11/1110; NE11/0864; NE11/1068

### ***Tegula con rebordo tipo III***

